



Serra do Suído (norte)

Adela Leiro, Mon Daporta
2-2023



Distancia: 30 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

A serra do Suído fai linde entre as provincias de Pontevedra e Ourense. É unha serra de formas suaves con orientación N-S, separada da Serra do Faro de Avión polo val do río Tea (val do Tielas) e da serra do Cando polo alto val do río Verdugo. O pico máis alto é o Coto Miñoto con 1.051 m.

É unha das áreas que recolle máis precipitacións de Galiza (nalgúns puntos superiores aos 2.500 l/m²). Os cumes do Suído son unha zona de contacto entre as rochas metamórficas precámbricas que se atopan ao leste (xistos, cuarcitas) e o granito de dúas micas de gran groso que domina na vertente oeste.

A vexetación dominante nos cumes é o monte baixo con mato denso de toxos, uces, carqueixas, breixos, xestas, piornos e fentos. Nas zonas chans e nas depresións hai brañas e nos vales consérvanse carballeiras e bosques de ribeira. Moitas áreas están repoboadas con piñeiros e eucaliptos.

A vexetación dominante nos cumes é o monte baixo con mato denso de toxos, uces, carqueixas, breixos, xestas, piornos e fentos. Nas zonas chans e nas depresións hai brañas e nos vales consérvanse carballeiras e bosques de ribeira. Moitas áreas están repoboadas con piñeiros e eucaliptos.



Serra do Suído desde o Coto Tendal

- 1-Monte Chao
- 2-Pena da Hedra
- 3-Portela da Cruz
- 4-Outeiro das Égoas
- 5-Coto do Tendal
- 6-Puza

PERCORRIDO

Comezamos na **capela de San Domingos** e imos ao oeste, cara ao alto da **Pena da Hedra** (851m) unha das alturas da contorna, a outra, O Pico do **Monte Chao** (901m), atópase do outro lado da capela, das abas destes montes baixan, cara ao norte, as augas que conforman regatos que flúen cara ao Lérez. Desde a Pena da Hedra imos cara ao sur levando á dereita o val do primeiro río Verdugo e a serra do Cando. Imos perdendo altura para rematar baixando á estrada un pouco antes da **Portela da Cruz** onde conflúen varias estradas que cruzan a serra e unha local que percorre un tramo ao longo. No cruce seguimos de fronte pola estradiña que discorre ao pé da pista de aterraxe dos avións do servizo de extinción de lumes, a que ten o sinal dun avión, que segue ao longo de varios quilómetros o lombo da serra e permite camiñar preto da liña dos cumes desde a que faremos uns desvíos, a pé, aos que máis sobresaen -un coroado por unha vella caseta de vixiancia-, logo seguimos achegándonos ao cume no que se atopan unhas vellas antenas de telefonía e cando nos atopamos xa preto del sae de fronte, pola dereita da estrada, un camiño de terra polo que continuamos, un quilómetro adiante atopamos un desvío á esquerda para subir ao pé das antenas desde onde se dominan as panorámicas da contorna. Voltamos ao camiño para seguir cara ao noso obxectivo de hoxe, un pouco adiante pasamos e acompañamos durante un curto traxecto a conducción soterrada do gas, e imos gañando altura por unha pendente tendida, pasamos preto dunhas altas antenas até chegarmos a unha cancela que pecha o camiño, que se atopa no límite entre as provincias de Ourense e Pontevedra. Aquí, seguindo o cortalumes que vai polo límite provincial, que sube ao pé do peche, imos sen perda ao cume do **Puza**, o noso punto de destino. Se seguimos pola pista pasamos de largo sen velo porque o tapan os que están máis preto.

Como a camiñada é longa, e o tramo asfaltado sen moito interese, podemos comezar a ruta na **Portela da Cruz**, facer unha primeira camiñada cara á pena da Hedra e a contorna da **ermida de San Domingos** e volver, logo facer en coche o tramo asfaltado, parando para facer os desvíos, co que aforramos camiñar case 10 km, e completar a pé o camiño ata o **Puza**. Volver ao coche e baixar nel pola **Hedreira** cara a Amiudal porque desde o traxecto ademais de ter unhas fermosas panorámicas da contorna poderemos apreciar a altura e a forte pendente das abas da cara leste da serra na que se xuntan as augas que van ao Avia.



Nacentes dun afluente do Verdugo



Capela de San Domingos



Mámoa na contorna da capela de San Domingos



Barbas de Frade. A presenza destes liques indica un ambiente con aire sen contaminar.



Cume do Coto das Égoas



Vista desde o Coto das Égoas cara ao sur



Vista desde o Coto das Égoas cara ao norte



Coto do Tendal



Vértice xeodésico no Coto Puza



Bolos graníticos